

Código do documento <b>USG13I01P4</b>	Código do expediente <b>USG/2019/253</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)  054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX	

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2019.**

<b>PRESIDENTE:</b> O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro
<b>ASISTENTES:</b> D. <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril D. Diego Antonio Taibo Monelos D. <sup>a</sup> Marta M <sup>a</sup> Figueiroa Fuentes D. Juan Carlos Iglesias Lovelle D. <sup>a</sup> Marta M <sup>a</sup> Iglesias Becerra D. Carlos Liñares Gestal
<b>NON ASISTE:</b> D <sup>a</sup> . Yéssica Méndez Sánchez
<b>INTERVENTORA MUNICIPAL:</b> D. <sup>a</sup> Vanesa García Barreiro
<b>SECRETARIA XERAL:</b> D. <sup>a</sup> Pilar M <sup>a</sup> Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día dezaoito de decembro do ano dous mil dezanove, reúnense a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Figueiroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta M<sup>a</sup> Iglesias Becerra e D. Carlos Liñares Gestal .

Non asiste á sesión a Sra concelleira D<sup>a</sup>. Yéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar M<sup>a</sup> Pastor Novo, que da fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 9 DE DECEMBRO DE 2019.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de decembro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declarase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 9 de decembro de 2019.

**2.- PROPOSTAS.**

**2.1.- PROPOSTA RELATIVA A APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE DOTACIÓN PARA CENTRO DOCENTE EN A RIBEIRA, SÉSAMO REDACTADO POLO ARQUITECTO D. JOSE MAGDALENA NOGUEIRA CO VISADO COLEXIAL DO 26.11.2019**

A Presidencia somete á consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do Sr. concelleiro delegado de Urbanismo de data 16 de decembro de 2019, que transcrita literalmente di:

**"Proposta á Xunta de Goberno Local**

O Castro British School A Coruña S.L. achegou o Plan especial de dotación para centro docente en A Ribeira, Sésamo, que redactou o arquitecto D. José Magdalena Nogueira co visado colexial do 26.11.2019.



Código do documento	Código do expediente
USG13I01P4	USG/2019/253
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

O expediente tramouse segundo o que dispoñen o artigo 75 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 186 do Decreto 13/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No expediente constan os informes favorables que emitiron o xefe do Servizo de Urbanismo (código do documento UAU13I03I6) e a Secretaria Xeral (código do documento (USG13I01LL).

**Propónese á Xunta de Goberno Local**, segundo o que dispón o artigo 186 do Decreto 13/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia

Primeiro.- Aprobar de forma inicial o Plan especial de dotacións para centro docente en A Ribeira, Sésamo, que redactou o arquitecto D. José Magdalena Nogueira co visado colexial do 26.11.2019.

Segundo.- Sometelo ao trámite de información pública por un prazo de dous meses mediante un anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

Terceiro.- Notificar de forma individual a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.”

Constan no expediente informes do Xefe de Servizo de Urbanismo de datas 3 de decembro de 2019 e 29 de outubro de 2018 que transcritos literalmente din:

“Asunto.- *Plan especial de dotacións para centro docente que redactou o arquitecto D. José Magdalena Nogueira, con sello de visado colexial do 26.11.2019, e que o promove a mercantil O Castro British School, A Coruña S.L.*

Informe:

O 29.10.2018 emitín un informe favorable á implantación dun centro escolar en solo rústico, que se contemplaba no Plan especial de dotacións para centro docente na Ribeira (Sésamo), con carácter previo a súa aprobación inicial. A pesares diso, polos Servizos Xurídicos cuestionouse a correcta xustificación da necesidade da súa implantación no solo rústico, toda vez que a competencia sobre o solo rústico é unha competencia básica do Estado. Por ésta razón na memoria do documento que se presentou o 27.11.2019 (rexistro: 2019/14052) incorporase un apartado de xustificación do emprazamento seleccionado e a súa idoneidade para o uso previsto.

a) **Con respecto á conveniencia e interese xeral da actuación:**

Prevese a instalación dun equipamento docente de características moi singulares en canto á oferta dun servizo pouco ou nada cuberto pola rede pública de centros docentes, unha oferta educativa de todos os ciclos educativos non universitarios, baixo modelos británicos coas homologacións españolas, da Xunta de Galicia e o British Concil. Nace coa vocación de dar servizo á Área Metropolitana de A Coruña e Ferrol (o outro existente na comunidade autónoma está na área de Pontevedra-Vigo).

A implantación do presente proxecto sobre solo urbano é imposible, con toda a sinceridade, pola necesidade dunha ampla superficie de solo que nos solos urbanos resulta insuficiente para as previsións do proxecto. A pesares diso analizanse as súas posibilidades (15.000 m<sup>2</sup> edificados).

a) Concello de A Coruña.- No PXOM de A Coruña do ano 2013, o redactor do documento analiza os solos urbanos e os urbanizables en réxime transitorio, descartando da memoria do plan os que están construídos ou son públicos e de forma obvia os de sistemas xerais (que teñen que ser públicos). Tamén se descartan os solos urbanizables delimitados pois pola súa falta de detalle ou concreción non permiten, pola súa indefinición, unha posible ubicación clara ou evidente.

Despois das pautas que se citan constatase que casi non existen dotacións de nova creación no solo urbano.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I01P4</b>	<b>USG/2019/253</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

Os solos de grande superficie son operacións urbanísticas de carácter público e coa consideración de sistema xeral, Plan especial do Porto (PET R-26) e a ampliación do Campús de Elviña e Zapateira (PE P32).

Nas proximidades dos Rosales existe un ámbito de 36.000 m<sup>2</sup> para unha dotación de uso deportivo.

Na categoría de solos dotacionais de solos urbanizables en réxime transitorio encontráronse as dotacións educativas do Parque Ofimático (SURT 2), os plans parciais de San Pedro de Visma (SURT 1) e Vio (SURT 3) e o Plan parcial do Parque Eirís (API R-31), son pequenos en superficie de 11 a 16.600 m<sup>2</sup> que ademáis teñen que ser públicos porque así o establece a lei e os propios plans, por tratarse de cesións obligatorias.

Os solos urbanizables delimitados son residenciais e sen planeamento de desenvolvemento aprobado (SUD 11 A Zapateira IV permite un uso dotacional privado de 10.000 m<sup>2</sup>). Para finalizar, o Convento das Oblatas permite un dotacional privado de 8.000 m<sup>2</sup>.

Co que se conclue que non existen posibilidades nos solos urbanos e urbanizables de A Coruña para un ámbito de 30.000 m<sup>2</sup>.

b) Concello de Oleiros (PXOM do 2014).

É un concello que sempre se caracterizou por crecementos dispersos de baixa densidade e que se desenvolveron por actuacións sistemáticas, por medio de unidades de actuación ou polígonos. O inconveniente destas delimitacións é que as dotacións son de pequeno tamaño e ademáis de carácter público.

C.I.F.P-1503100-H

No apartado de sistematización de equipamentos de sistema xeral e sistema local incorporase un apartado de equipamentos sen uso específico.

- D-18 nun solo urbanizable delimitado pendente de desenvolvemento (31.787 m<sup>2</sup>) e sistema xeral.
- Equipamentos docentes (escolas infantís) cunha superficie máxima de 8.400 m<sup>2</sup> no D-12.
- Solo urbanizable non programado D 15-R (Bastiagueiro 1) de 12.000 m<sup>2</sup>, de titularidade pública.
- SUD-11 Dorneda, a única parcela de certa dimensión 13.000 m<sup>2</sup>, pequena, é para o parque forestal de Liáns.
- Parcela Alsina, na que se encontra un campus dunha escola privada de negocios (ten unha protección integral dos xardíns e da edificación principal o que a fai inviable desde o punto de vista económico).

c) Concello de Cambre (Normas subsidiarias do ano 1994).

Ven a estar nunha situación similar, os solos de equipamentos nos que se desenvolveron están ocupados.

Estase a tramitar unha modificación puntual dun solo rústico para dotacións en solo rústico.

Solo non urbanizable de núcleo rural, farían necesario que se tramitara un plan especial.

d) Concello de Culleredo

Os equipamentos existentes están na zona Norte do Concello.

Os equipamentos escolares no ámbito e arredores da antiga Universidade Laboral, e nos solos urbanos na súa maioría non existe solo vacante apto para implantación que se prevé.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I01P4</b>	<b>USG/2019/253</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

Os solos para equipamentos dos plans parciais que se desenvolveron ou son pequenos en tamaño ou están utilizados.

*Repasamos os más grandes:*

- Solo do Parque Empresarial de Alvedro, contemplabase un equipamento deportivo de 12.000 m<sup>2</sup>, unha parte destíñase a zona verde.
- Plan parcial Cordeda, dividíuse en dous sectores, 1.000 m<sup>2</sup> de gardería, 5 e 8.000 m<sup>2</sup> para EGB. Nun está o CEIP Ría do Burgo e o outro ten unha pendente considerable para o uso que se prevé, con independencia de que sexan pequenos.
- SUNP Cros Área 3, parcela dotacional educativa de 10.600 m<sup>2</sup> cunha forma moi irregular e que tampouco cumpre coa superficie que se require.
- O Centro Loxístico de Transportes, non contempla usos educativos, é o resultado dunha ordenación supramunicipal dun equipamento de sistema xeral público.

As zonas analizadas do Monte Costa, son da titularidade da Deputación Provincial, con independencia diso previanse dous grandes equipamentos un deportivo e outro de zona verde de sistema xeral á marxe de que se trate de terreos que se expropiaron por razóns de seguridade aérea.

C.I.F.P-1503100-H  
Existe outro terreo para unha dotación escolar de 16.524 m<sup>2</sup> pero que se reparte entre os polígonos UA14, UA15, UA16 E UA17, ésta opción é inviable de momento pola complexidade das delimitacións poligonais e ademáis viriase a situar prácticamente sobre a Universidade Laboral (no Oeste da mesma). Ésta opción, que non é viable, está nunha das zonas con maior conxestión de tráfico e con problemas de acceso en hora punta, cando coinciden sobre dúas o tres viarios os autobuses de 5 centros docentes que existen nas súas proximidades.

e) Concello de Arteixo (Normas subsidiarias do ano 1995).

Trátase dun solo urbano continuo, paralelo á costa, e que envolve ao Polígono de Sabón.

As delimitacións dos núcleos rurais, de dimensións mínimas, ordenanse sobre fotoplano, coa distinción entre solo consolidado e non consolidado.

O redactor do plan especial chega a conclusión de que non existe solo dotacional clasificado como urbano ou urbanizable e agás a parcela Alsina, non existe solo de uso dotacional privado.

Idoneidade da localización segundo as Directrices de ordenación do territorio (DOT), artigos 5.3 e 5.4.d. O técnico realiza unha enumeración de criterios que condicionan o ámbito que se elixe.

- Situación céntrica recoñecida e acceso directo.
- Superficie adecuada e suficiente para as dotacións deportivas e eductarivas necesarias.
- Dispoñibilidade dos terreos.
- Duración do traxecto de autobus inferior a 10 minutos para compartir as instalacións xa existentes.

Ademáis e en relación coas DOT, artigo 5.3



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I01P4</b>	<b>USG/2019/253</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

- Cercanía cos enlaces da autoestrada A-6 que permite a súa accesibilidade aos concellos de A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros.
- Acceso ao colexio en autobuses propios.
- O acceso peonil podese efectuar polas rúas Torneiro e Brimians.
- Aparcadoiro, realizouse un estudio de mobilidade que se recolle no estudio ambiental estratéxico.
- A ubicación sitúase nuns terreos que no seu día se viron afectados polas obras da A-6 que executou viarios paralelos á autoestrada e encorou augas polo seu efecto de muro de contención nun terreo que xa é baixo e chan. Con posterioridade alterouse polas obras derivadas do CLT que precisou canalizar unha parte do canle que atravesaba o polígono, tamén cunha rede de saneamento sobre a zona do canle sen canalización. Estas obras, no seu tempo ocasionaron problemas de encoroamento de augas no ámbito obxecto do emprazamento e arredores que con posterioridade se rexenerou con acopios e movementos de terras, cos informes favorables de estradas e da administración local, co que na actualidade non teñen valores naturais ou culturais que protexer.

Con respecto á posibilidade de aproveitar edificacións no solo rústico, susceptibles de acoller unhas instalacións de 30.000 m<sup>2</sup>, agás a parcela Alsina (na que a súa edificación non sería adecuada para o uso previsto, polo seu pequeno tamaño) e o terreo do Convento das Oblatas, cunha superficie insuficiente para a implantación que se prevé, entre os terreos que se analizaron non existe outro con edificacións susceptibles de aproveitamento.

C.I.F.P-1503100-H

Convén recordar que a Área Metropolitana de A Coruña ten un problema de clara conxestión do tráfico urbano e todas as medidas tendentes a evitar a concentración do tráfico dos concellos limítrofes ao centro da área, son medidas que repercuten de xeito favorable no tráfico urbano existente. Neste punto confluen a AC-400, a autoestrada A-6 e a saída da 3<sup>a</sup> ronda, o que permite un acceso con boa comunicación por viarios rápidos ao entorno elexido e, por outra banda, permite a revitalización e rexeneración dun espacio que se degradou por actuacións anteriores, que posibilitarían incluso unha saída alternativa aos núcleos de Sésamo e Sueiro.

Xunto co proxecto do plan especial, obxecto do presente informe, incorporouse un exemplar do "estudio ambiental estratéxico" que é o mesmo que consta no expediente nos folios 628 ao 870 e que xa se informou.

Tendo en conta o exposto, estimo que procede a aprobación inicial do documento que se presentou e o seu sometemento á información pública."

"Asunto.- Plan especial de dotacións para centro docente na Ribeira (Sésamo), que redactou o arquitecto D. José Magdalena Nogueira, que promove O Castro British School, A Coruña S.L.

En relación co asunto de referencia **informo:**

#### **1.- Antecedentes.**

Pretendese redactar un plan especial de dotacións para un colexio nunha parcela de 39.000 m<sup>2</sup>, próxima ao enlace da A-6 co Centro Loxístico de Transportes, a estrada da Xunta a Meirama e a conexión neste punto co viario AC-18.

A implantación no solo rústico deriva dunha necesidade evidente, o consumo do solo necesario e o precio para a súa obtención.



Código do documento	Código do expediente
USG13I01P4	USG/2019/253
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

O artigo 35.p) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG en adiante) admite como posible no solo rústico o uso que se formula e aprobación dun plan especial para a implantación do equipamento (artigo 73 da LSG e 183 do Regulamento da LSG).

Por Resolucións do 28.02.2018 e 01.03.2018 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático emitironse o informe ambiental estratéxico e o documento de alcance relativo ao Plan especial de dotacións para centro docente. Como queira que non existen edificacións no solo rústico capaces de albergar este equipamento trárase de buscar un solo e de evitar a afección aos valores naturais e culturais.

Contemplase un estudio de movilidade, apartado 10 do estudio ambiental estratéxico.

## 2.- Obxectivos do plan especial.

Establece a ordenación ao detalle do ámbito.

Analiza o impacto que pode ter no territorio para o que propón medidas correctoras, adecuación de accesos e a ampliación das redes de servizos.

Determinacións: Delimitación do ámbito necesario a calificar como equipamento docente privado.

Zona de acceso e recepción de vehículos, manobra.

Zona de implantación de usos docentes.

Zona de reserva no estado natural.

Medidas necesarias para a integración no entorno.

Conexións exteriores viarias.

Definición de trazados e características dos servizos e as súas conexións.

Relación de bens e de redes que se afectan pola ampliación do viario ou redes de servizos.

Medidas para garantir a accesibilidade (Decreto 10/2014 de 3 de decembro).

Regulación das características da edificación, edificabilidade máxima, volumetría e diseño.

Condicións xerais da urbanización interior e exterior.

Evaluación económica da implantación de servizos e a súa conexión cos sistemas xerais existentes.

Respecto á coherencia da ordenación que se proxecta co PXOU de Culleredo, o PXOU e do ano 1987 e os terreos están clasificados como non urbanizables, solo rústico segundo a LSG vixente.

Para esta clase de solo o artigo 35.p) permite equipamentos e dotacións públicas ou privadas, e segundo o que disponen os artigos 73 da LSG e 183 do Regulamento da LSG.

En relación coa antigüidade do PXOU vixente, non se contemplaba a A-6 nin a servidume de protección de canles, polo que se deberán tomar en conta as servidumes de espacios de protección de augas e a servidume de protección de estradas.

C.I.F.P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG13I01P4	USG/2019/253
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

Respecto á coherencia coas Directrices de ordenación do territorio, o ámbito inclúese dentro da Rexión Urbana Artabra, ésta rexión será obxecto dunha planificación territorial de infraestruturas e equipamentos ao servizo dos cidadáns de carácter estruturante. De momento o plan territorial integrado que se prevé para ésta rexión non se elaborou.

O centro docente que se prevé (na opinión do redactor do documento) encaixa na condición de elemento estruturante posto que non está tan só ao servizo local senón que tamén, pola súa peculiariedade, é único en toda a área metropolitana (da servizo a unha área extensa).

Nas Directrices de ordenación do territorio ésta zona prevese na área do transporte metropolitano.

Respecto ao Plan de ordenación do litoral, encontrase fora do seu ámbito.

### **3.- Estado actual.**

Encontrase por debaixo da cota 100 vinculado ao Val da Veiga.

Localizase na conca hidrográfica de A Coruña, da que son os seus ríos importantes o Mero e o Valiñas que desembocan na Ría do Burgo. O ámbito está delimitado polo regato Adriós que é un afluente do Valiñas.

A superficie na que se prevé a actuación non presenta risco de inundación.

Vexetación.- No ámbito non existe masa vexetal xenuina de orixe natural, coincide con pequenos prados, zonas de cultivo en regresión e un estrato arbustivo, salgueiros, abeneiros e cobertoras de falla baixa (1,5 – 5 m) típicos de ambientes húmidos e de ribeira.

C.I.F.P-1503100-H

No estudio ambiental estratégico fixeronse unhas análises de riscos de inundacións coa súa consideración de risco baixo.

O estado actual do ámbito obxecto do plan especial está antropizado por actuacións de recheos de terras que se autorizaron pola Demarcación de Estradas, Augas de Galicia e a ÁREA de Medio Ambiente e Servizos do Concello de Culleredo.

#### Delimitación do ámbito.

Situado no lugar que denominan “A Ribeira” da parroquia de San Martín de Sésamo, cunha superficie de 3,87 Ha.

Norte: Terreos da Autoestrada do Noroeste A-6 (camiño de servizo da mesma).

Sur: Canle do Río Valiñas.

Oeste: Regato Adriós.

Leste: Diversas parcelas catastrais.

Aínda que de inicio compoñíase de 37 parcelas, na actualidade son dun único propietario.

A topografía é suave cunha lixeira pendente hacia o Río Valiñas, ésta suave pendente alterouse de forma lixeira polos movementos de terras que se citaron que contuveron a canle do regato Adriós.

No seu bordo Norte existe un viario de servizo que da á ponte de Silvar.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I01P4</b>	<b>USG/2019/253</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

Os inconvenientes da autoestrada, o ruido, amortiguase ao estar o ámbito a unha cota máis baixa que a A-6, o que resulta favorable á implantación.

Servizos e infraestruturas existentes.

Pola beira Sur do ámbito discorre unha rede de saneamento que ven o Centro Loxístico de Transportes.

Proposta de ordenación.

Organizase en tres áreas:

a) Accesos e recepción

Cunha superficie de 2.754 m<sup>2</sup>, entrada e saída de autobuses e zona de manobra dos mesmos, que se ubica dentro do recinto escolar.

b) Equipamento docente

Comprende unha área de 16.595 m<sup>2</sup> que constitue a área de movemento da edificación.

Preténdese eliminar o concepto de volume compacto para o que se recorre a unha fragmentación de volumes.

Contemplase unha altura de B+1 equivalente a 7,00 m, coa excepción dunha altura que será de 10 m por razóns de uso nunha planta de 1.400 m<sup>2</sup>.

Prevese un soto cun aparcadoiro de 80 prazas.

c) Zona de reserva en estado natural

19.349 m<sup>2</sup> que se preservan da edificación hacia o Oeste e o Sur (regato Adrios e Río Valiñas).

Acondicionarase con criterios paisaxísticos.

Parámetros edificatorios do ámbito

Superficie do ámbito edificable 16.595 m<sup>2</sup>.

Superficie máxima edificable 14.105 m<sup>2</sup>.

Edificabilidade neta 0,85 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> sobre a área de movemento.

Ocupación máxima con respecto á total da área 20%.

Número de prazas no soto 80.

Número de prazas en superficie 30.

Recuamentos aos lindes 5 m.

Alturas: Edificios docentes e servizos 2 (7,00 m), polideportivo 1 (10,00 m).

Como criterios de ordenación, non se permiten volumes superiores a 3.000 m<sup>2</sup> en lonxitudes superiores a 35 m/l.



Código do documento	Código do expediente
USG13I01P4	USG/2019/253
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

### Normas de urbanización

Viario: Firmes asfálticos.

Abastecemento de augas: Ø 75 m/m, 10 atm de presión de traballo. Profundidade da rede 1,00 m.

Saneamento:

Ø 30 cm , sistema separativo (pluviais e fecais), disporase de cámara de descarga automática ao inicio da rede.

Baixo o solo público.

Separación entre pozos 40 m. Profundidade 1 m desde a xeratriz superior.

Rede eléctrica: Soterrada.

### Integración paisaxística

Incidese na fragmentación de volumes.

Incluirase un plan de integración paisaxística.

Evitaranse especies alóctonas.

C.I.F.P-1503100-H  
O documento contén a contestación dos titulares dos servizos, con respecto ás condicións de enganche e trazados coa salvedade do abastecemento de auga que se indica que se debe facer en fundición cunha lonxitude de 947 m/l.

Incorporase unha relación de propietarios que se poderían ver afectados pola ampliación de viarios.

### Alternativas de viarios de acceso

Propónense:

a) Mellora da AC-523 na glorieta situada a 500 m do enlace e a 2 km da ubicación do plan especial.

b) Tramo de nova creación, paralelo ao viario de servizo da AC-523, presenta o inconveniente de duplicación do impacto do viario e a afectación de numerosas propiedades de particulares.

c) Consiste en aproveitar os viarios de servizo da A-6 para enlazar despois ao través dun viario de nova creación e do paso superior da AC-14 coa DP-3109.

Estos viarios de servizo conectanse na actualidade baixo á A-6.

Esta alternativa comunicaría dun modo máis efectivo aos núcleos de Silvar e O Casal.

O proxectista do documento decantase por unha rotonda na saída do Centro Loxístico de Transportes e a resolución dunha curva de acceso á glorieta nun terreo situado ao Leste do viario AC-523.

Este técnico entende que a solución óptima sería a conexión desde a rotonda da A-6 para seguir polos viarios de servizo (que precisarían de asfalto) co que se resolvían deste modo os accesos aos núcleos de Silvar e Sésamo cun custo admisible.

Co documento analizado incorporase o estudio ambiental estratéxico.



Código do documento	Código do expediente
<b>USG13I01P4</b>	<b>USG/2019/253</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

*Este técnico pouco ten que engadir ao documento que se presentou, polo que agás outro criterio mellor fundado en dereito o considere mellorable, entendo que o documento está completo e procedería tramitar a súa aprobación inicial.*

Consta no expediente informe da Secretaria Xeral Municipal de data 13 de decembro de 2019, que transcrito literalmente di:

**“INFORME DE SECRETARÍA**

**Asunto.- Expediente: Plan especial de dotacións para centro docente en A Ribeira, Sésamo, Culleredo.**

A funcionaria que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 3.3.7º do Real decreto 28/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, en relación ao asunto de referencia, e no ámbito das competencias desta Secretaría emite seguinte **INFORME**:

**Primeiro.- Normativa aplicable:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.(LBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia(LSG)
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia.(RLSG)
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Culleredo.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Segundo.-** O artigo 25. 2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recoñece, entre outras, como competencia propia do municipio a relativa á materia de Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.; sen prexuízo da competencia que con carácter de exclusiva asigna o art. 27.3 da lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivenda nos termos que determinen as Leis.

O artigo 4 do Real decreto lexistativo 7/2015, de 30 de outubro , polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e da rehabilitación urbana( en adiante TRLS) dispón que:

*“ La ordenación territorial y la urbanística son funciones públicas no susceptibles de transacción que organizan y definen el uso del territorio y del suelo de acuerdo con el interés general, determinando las facultades y deberes del derecho de propiedad del suelo conforme al destino de éste. Esta determinación no confiere derecho a exigir indemnización, salvo en los casos expresamente establecidos en las leyes.*

*El ejercicio de la ordenación territorial y urbanística deberá ser motivado, con expresión de los intereses generales a que sirve.”*

As potestades administrativas en materia de planeamiento basanse na discrecionalidade do seu exercicio, polo que faise imprescindible someter as determinacións que nacen dese exercicio a un proceso de xustificación para evitar a arbitrariedade, esixencia esta- a de motivación- que se atopa positivizada no artigo 4 do TRLS, anteriormente transcrito.

O artigo 184 do RLSG, polo que respecta á documentación dos plans especiais, fai referencia á memoria, que se divide en parte informativa e parte xustificativa, e dípón que nesta debe establecerse a conveniencia e oportunidade da redacción do plan especial de que se trate, dos seus obxectivos e determinacións, así como do cumprimento da normativa sectorial e urbanística, e a súa coherencia co plan xeral de ordenación municipal, cando exista, e cos instrumentos de ordenación urbanística.



Código do documento	Código do expediente
USG13I01P4	USG/2019/253
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	054M 403Y 2V1T 3Q0K 0UGX

**Terceiro.-** A LSG no seu artigo 35, ao regular os usos e actividades posibles en solo rústico, fai referencia, entre outros, a "p) Construccións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados."

O artigo 73 da LSG regula os plans especiais de infraestructuras e dotacións sinalando o seguinte:

"1. Os plans especiais de infraestructuras e dotacións teñen por obxecto o establecemento e a ordenación das infraestructuras e relativas ao sistema de comunicacións, trasportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario, instalacións destinadas aos servizos públicos e subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas e a implantación dos usos previstos nos puntos o) e p) do artigo 35.1 , de conformidade co disposto no artigo 36.4.

2. Os plans especiais de infraestructuras e dotacións conterán as determinacións axeitadas a súa finalidade e, en todo caso, as seguintes:

- a) Delimitación dos espazos reservados para infraestructuras e dotacións urbanísticas e o seu destino concreto
- b) Medidas adecuadas para a súa adecuada integración no territorio e para resolver os problemas que xere no viario e nas demais dotacións urbanísticas.
- c) Medida de protección necesarias para garantir a funcionalidade e accesibilidade universal das infraestructuras e dotacións urbanísticas. "

O artigo 183 do RLSG, regula os plans especiais de infraestruturas no seu artigo 193 no que, logo de definilos no seu apartado 1, sinala no segundo que:

"2. Los planes especiales de infraestructuras y dotaciones contendrán las determinaciones adecuadas a su finalidad y, en todo caso, las siguientes (artículo 73.2 de la LSG):

a) Delimitación de los espacios reservados para infraestructuras y dotaciones urbanísticas y su destino concreto (artículo 73.2.a) de la LSG).

A tal efecto, establecimiento de la calificación como dotacional del suelo que requiera su implantación, indicando su carácter público o privado y, en su caso, identificación como sistema general o local de las instalaciones que contenga.

b) Medidas necesarias para su adecuada integración en el territorio y para resolver los problemas que genere en el viario y en las demás dotaciones urbanísticas (artículo 73.2.b) de la LSG).

c) Medidas de protección necesarias para garantizar la funcionalidad y accesibilidad universal de las infraestructuras y dotaciones urbanísticas (artículo 73.2.c) de la LSG).

d) Regulación de las características de la dotación y, en su caso, de los parámetros edificatorios aplicables.

e) Regulación, en su caso, de otros criterios y normas a las que se tenga que ajustar el correspondiente proyecto técnico.

